

Por min e por todos os meus compañeiros

Actividade 20N Consellos
de participación infantil e
adolescente



CDN30 AÑOS
CONVENCIÓN SOBRE
LOS DERECHOS DEL NIÑO



Ciudades
Amigas
de la Infancia



Child
Friendly
Cities
Initiative



Edición

1ª, setembro de 2019

© UNICEF COMITÉ ESPAÑOL
www.ciudadesamigas.org

Autoría

UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

Edita

UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

Dirección de políticas de infancia e sensibilización. Área de
políticas locais e participación.

Calle Mauricio Legendre 36. 28046. Madrid

Diseño e maquetación

Grupo Cooperativo Tangente

Aliados



Todos os dereitos sobre esta publicación e os documentos que lle acompañan (anexos e recursos) pertencen á Fundación UNICEF Comité Español. Calquera extracto pode reproducirse coa debida autorización. Para o caso contactar con: ciudadesamigas@unicef.es

Este 20 de novembro, Día da Infancia, coincide coa celebración do 30 aniversario da Convención sobre os Dereitos do Neno. Así que toca celebrar este día ao grande. Como? Cada grupo de participación ten auténticos expertos e expertas en dereitos para lograr que as cousas saian ben: por si mesmos e polos dereitos dos demais. Cómpre só un obxectivo, algo de apoio e un bo plan. Para este día tan especial, propoñémosvos unha reflexión sobre os dereitos da infancia (un percorrido ata 1989 volvendo a 2019) e tamén pasar á acción. Entre todos e todas podemos elaborar un plan que faga desta celebración algo memorable. Mans á obra!

Esta actividade ten como obxectivo que os nenos, nenas e adolescentes do grupo de participación reflexionen sobre o estado de situación da infancia no municipio ou comunidade, e desenvolvan un plan para melloralo, partindo das súas preocupacións e do enfoque de dereitos. Fortalecerán así as súas competencias de participación, traballo en equipo e planificación.

Comezamos!

Este documento inclúe as seguintes actividades para a dinamización das sesións co grupo de participación:

Paso 1 – O telexornal, hoxe 20 de novembro do 89. Duración: 40 minutos + [30 minutos no caso de realizarse as entrevistas].

Paso 2 – Youtubeando. Duración: 40 minutos.

Paso 3 – Un tema, un dereito. Duración: 45 minutos.


Paso 4 – Por min e por todos os meus compañeiros. Duración: 2 horas.

Paso 5 – O compromiso. Duración: 10 minutos.

En base á planificación das reunións do grupo, pódense adaptar as sesións. É dicir, en base á programación do traballo co grupo, e en función das reunións que teñades previstas, pódese pasar directamente ao paso 3, o núcleo da actividade (realizando o paso 3, 4,e 5). De todas formas, as dúas actividades previas son de utilidade para ir preparando todo o ciclo de traballo. A finalidade última das actividades é que os participantes poidan deseñar un proxecto ou campaña relacionado cun dereito da infancia, propoñendo conclusións e unha posta en acción.

Paso 1

O telexornal, hoxe 20 de novembro do 89...



45"

- 15 minutos: presentación dos xornalistas do 89 e do grupo
- 15 minutos: escenificación
- 15 minutos: conclusións

Para as entrevistas pódese dar 30 minutos de tempo extra.



QUE NECESITAMOS?

2 impresións do texto coas "mensaxes do 89"

1 cartolina para anotar as conclusións

Cinta adhesiva

Para os reporteiros: lentes grosos, gravatas anchas ou calquera disfraz que nos transporte ao pasado

Finalidade

Con esta actividade, os nenos, nenas e adolescentes viaxan ata o 1989, momento da aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno. Contextualízase esa época coas mensaxes do 89 para que os nenos e nenas que asuman o rol de periodistas poidan narrar a situación e poidan engadir outras frases a partir da idea:

Como era a vida dos nenos e nenas no 1989? Co desenvolvemento da actividade convídase aos nenos, nenas e adolescentes a reflexionar sobre a situación da infancia coa de fai 30 anos.

Para que o grupo teña mais información sobre como era a infancia en 1989, previamente á realización da actividade pódese propoñer que entrevisten a 1 ou 2 persoas (familiares, veciños ou incluso as persoas que facilitades este espazo) para que teñan maiores pistas da vida dos nenos e nenas en 1989.



Acción

A persoa dinamizadora do consello explícalles o obxectivo da actividade, solicitando a 2 persoas voluntarias que queiran asumir o rol de **"xornalistas do 89"**. Estas dúas persoas terán 15 minutos para prepararse nunha zona apartada do resto do grupo, xa que o grupo non pode coñecer de antemán as mensaxes que van transmitir. Os xornalistas teñen este tempo para: disfrazarse; organizar como van retransmitir as mensaxes e ver se queren engadir algún contido máis. Debemos indicarlles que deben facer unha pausa entre mensaxe e mensaxe e teatralizar a súa intervención.

Sen que os xornalistas do 89 o saiban, o dinamizador explica ao resto do grupo o seu rol: na medida que os xornalistas vaian narrando a situación de fai 30 anos, o grupo organizarase para escenificar vía **teatro sen palabras** as escenas que lles suxiran as mensaxes.

Listos para a acción? Comeza o telexornal!

Ao finalizar a actividade, realízase unha reflexión sobre o que viron e anotan na folla de conclusións as principais reflexións a partir dun pequeno debate de peche.



Información útil para os cidadáns: o billete de autobús costará a partir do próximo ano 65 pesetas en todo o país. Temos grandes avances tecnolóxicos, o fax está a estenderse en oficinas e escolas. Ademais, ao

Para os nenos e nenas, non perdades despois deste telexornal un novo capítulo dos debuxos animados da Volta ao mundo de Willy Fog.

[illegible]



Folla de conclusións:

En 1989, pensamos que a vida dos nenos, nenas e adolescentes...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



.....

.....



Paso 2

Youtubeando...



- 20 minutos: preparación youtubers e do grupo (o grupo coloca os post-its na cartolina).
- 20 minutos: representación da canle youtube

QUE NECESITAMOS?

Complementos "do máis cool posible" (para os youtubers)

Post-its

Bolígrafos

Cartolina grande para pegar á parede

Cinta adhesiva

2 impresións das frases youtubers

Finalidade

Con esta actividade situamos ao grupo novamente no presente. Contextualízase a situación da infancia a través das frases do 19, onde 2 youtubers explicarán a situación da infancia e da adolescencia a día de hoxe. Poderán engadir as frases que queiran tendo en conta: **Que preocupacións temos como nenos, nenas e adolescentes a día de hoxe? Como cambiou a vida dos rapaces e rapazas en 30 anos?**

Co desenvolvemento de esta actividade e unha vez establecidas as conclusións acerca dos temas que lles preocupan, elixirase 1 tema a través de votación, identificando con que dereito da Convención relaciónase...e se é necesario engadir algún novo.

Mentres os youtubers rematan de prepararse, o resto do grupo de maneira individual escribe nun post-it un tema que lles preocupe sobre os nenos, nenas e adolescentes a día de hoxe. Cada post-it debe conter 1 só tema e debe pegarse na cartolina grande pegada na parede. Así, non só teremos a información que lles preocupa aos youtubers, senón tamén os intereses e preocupacións do resto do grupo.



A persoa dinamizadora do consello explícalles o obxectivo da actividade, solicitando a 2 persoas voluntarias que queiran asumir o rol de **youtubers**. Estas dúas persoas terán 20 minutos para prepararse nunha zona apartada do resto do grupo, xa que o grupo non pode coñecer de antemán os seus contidos. Os youtubers teñen este tempo para: poñerse do máis “*influencer*” posible; organizar como van comunicar as mensaxes, como queren chamar ao seu canal, e engadir os temas que lles preocupan sobre a infancia, adolescencia e os seus dereitos a día de hoxe.

A persoa dinamizadora explica ao resto do grupo o seu rol: a medida que os youtubers van comunicando os seus temas, o grupo ten a misión de representar os contidos (que poidan) como se fosen unha **foto instagram.**



Folla de temáticas

*Da situación da infancia e da adolescencia
preocúpanos a día de hoxe...*

Mentres o equipo de youtubers prepárase, o resto do grupo anota de maneira individual, aqueles temas que lles preocupan...

Frases do 2019 – Youtubers

Despois de 30 anos, a situación da infancia transformouse e houbo moitos cambios positivos para protexer a nenos e nenas.

Este ano a Convención cumpre 30 anos, e un total de 196 países comprometéronse a cumprila. Tamén comprometéronse 193 países a cumprir os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible en 2030.

Dende o ano 1989 ata hoxe, houbo moitos cambios, como, por exemplo:

A extensión da tecnoloxía dixital, internet, o uso masivo de móbiles. Os nenos e nenas de fai 30 anos tiñan como máximo 1 teléfono na casa para toda a familia, e aínda que pareza ciencia ficción, non había internet!

A nivel mundial, seguimos tendo conflitos e guerras prolongadas. Por exemplo, en Iraq, 4,7 millóns de nenos están sendo afectados directamente polo conflito. Oxalá tivésemos mellores noticias sobre este tema.

Outro dato que nos afecta: 15.000 nenos morren cada día antes de cumprir 5 anos por causas que se poden previr con medidas moi sinxelas (vacinas, auga potable ou unha alimentación adecuada).

No mundo 58 millóns de nenos en idade escolar primaria non poden ir á escola.

Crisis climática: estímase que, na próxima década, o cambio climático afectará a uns 175 millóns de nenos e nenas ao ano.

España é un dos países mais afectados a nivel europeo polo cambio climático. En España, o 98,6% de poboación española respira aire

contaminado cada día segundo os valores recomendados pola Organización Mundial da Saúde.

Outra problemática que afecta á infancia: o ciberbullying, 2 na túa clase o están a sufrir.

1 de cada 3 nenos ou nenas en España atópase en risco de pobreza ou exclusión social.

O 34,8% dos nenos de 0 a 2 anos están escolarizados en centros infantís.

E a nós, os youtubers do consello preocupánnos estes temas:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Folla de conclusións:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....



Paso 3

Un tema, un dereito



45"

- 30 minutos: reflexión e análise dos temas de preocupación. Votación da temática
- 15 minutos: dereito co que se relaciona

QUE NECESITAMOS?

Proxectar o mapa dos dereitos (ou no seu defecto cartolinas coa anotación dos dereitos ou follas impresas)

Ao rematar a representación anterior, agrúpanse por bloques temáticos as preocupacións que o grupo colocou na parede e engádense as mencionadas polos “youtubers”. Realízase un debate en torno ás preocupacións e temáticas que xurdiron, xustificando por que se consideran importantes (a súa relación co entorno, se lles afecta moito a nenos e nenas...). Unha vez puideron expresar a súa opinión, **o grupo elixe 1 dos temas por votación. Este tema será o elixido para pasar á acción.**

Unha vez seleccionado o tema, proxéctase o mapa dos dereitos para que poidan relacionalo co bloque de dereitos da Convención que correspondería. **Con que dereitos de infancia relaciónase o noso tema? ten relación con algún dereito ou ámbito novo?**



Paso 4

Por min e por todos os meus compañeiros!



2 horas

QUE NECESITAMOS?

Fichas de planificación

Materiais específicos que o consello necesite para a elaboración da súa proposta

Finalidade

No paso anterior, nenos, nenas e adolescentes priorizaron o tema a traballar, puxéronse de acordo sobre onde poñer o foco e pasar á acción, respondendo as súas preocupacións e intereses. Esta última actividade vai destinada a dotar de contido o 20 de novembro: día de celebración, e ao mesmo tempo de reivindicación. Por iso e en base ao dereito elixido previamente, deseñamos, preparamos e damos forma ao noso proxecto, campaña...preguntándonos **como queremos que no noso municipio se coide máis este dereito? como nos implicaremos en coidalo?**

Acción

Para definir como se vai concretar a proposta, recomendámosvos ter en conta os seguintes cadros que vos servirán de modelo para a planificación. Unha vez teñades a ficha completada, enchédea na web e obteredes en PDF os resultados. Desta forma, ademais dende UNICEF poderemos realizar un informe con todos os grupos de participación que realicen a actividade.



Paso 4



Que imos facer? A nosa idea é...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

O dereito asociado á nosa idea é...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Para que? O que queremos conseguir é...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Os nosos compañeiros e compañeiras!

Estas son as persoas ou grupos a quen queremos axudar, desde agora converteranse nos nosos compañeiros e compañeiras:

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Como se chama o noso proxecto?

Precisamos un título, un lema...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Que precisamos?

Que cousas temos e que outras necesitamos pedir a outras persoas:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Tarefas

Repartímonos o traballo desta forma:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Quen nos pode axudar?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Paso 4



Como imos desenvolver a idea?

Que pasos imos seguir e como nos imos organizar:

This image shows a blank sheet of white paper with six horizontal dotted lines, typical of primary-ruled notebook paper. The lines are evenly spaced and extend across the width of the page. There is no handwriting or other markings on the paper.

Como presentamos o noso proxecto o 20N?

Ver se temos un acto no pleno do Concello, ou tal vez temos unha intervención no Parlamento autonómico, unha manifestación pola cidade...

[illegible]

O noso manifesto

Principais conclusións, compromisos ou peticións a trasladar ao Goberno local, etc.

[illegible]



Atención

Como consello de participación podedes asegurarvos que o Alcalde ou Alcaldesa asine a Declaración de Colonia, onde os alcaldes e alcaldesas comprométense de novo a aplicar a Convención sobre os Dereitos do Neno. O texto deste documento foi proposto por nenos e nenas de toda Europa para que teñan en conta a voz dos nenos e nenas. Que vos parece se nos aseguramos que a nosa localidade tamén se suma a esta Declaración? E nos Parlamentos autonómicos?

Outra variante: para o 20 de novembro, tamén todo o Pleno do Goberno Local pode poñerse de acordo para realizar unha moción de conmemoración do trinta aniversario da Convención.



Paso 5

O compromiso



10"

Unha vez definido o proxecto, podemos colocar a imaxe da man e asinala *[os nenos e nenas mais pequenos poden debuxar a silueta da súa propia man en papel ou cartolina]*, como símbolo de compromiso cara o proxecto. A sinatura pode facerse mediante unha fórmula na que cada participante pon a súa man sobre o debuxo e di “Por min e por todos os meus compañeiros” antes de asinala. É importante que cada participante poida percibir a relación que existe entre o cumprimento dos seus dereitos e o dos outros nenos e nenas. Ademais esta sinatura simbólica pode servir para mostrar aos políticos que deben facer o mesmo para que os dereitos de nenos e nenas cúmplanse.

Xa tedes o voso proxecto listo? Entra de novo en [ciudadesamigas](https://ciudadesamigas.org), e enche o cadro, para obter o PDF co voso proxecto. Esperamos as vosas propostas ata o 15 de novembro!





Aliados

